

Martes, 25 de outubro de 2022

Núm. 204

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

Urbanismo e Patrimonio

APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO PLAN PARCIAL DE QUIRÓS, EXPEDIENTE 5294/401

EXPEDIENTE : 5294/401 ASUNTO: Proxecto de modificación puntual do proxecto de Compensación do Plan Parcial de Quirós

ANUNCIO

Aprobación inicial do Proxecto de modificación puntual do proxecto de compensación do Plan Parcial de Quirós (expte. 5294/401)

A Vicepresidenta da Xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, ao abeiro do previsto no artigo 5 dos Estatutos da XMU, en relación coa Resolución de delegación de facultades do Alcalde-Presidente do 11.07.2019, en data do 6 de outubro de 2022, adoptou a seguinte resolución:

«*Primeiro.*- Proceder a apertura do preceptivo trámite de información pública do “Proxecto de Modificación Puntual do Proxecto de compensación do Plan parcial de Quiros” parcela 30,- trala a súa aprobación inicial acadada na Asemblea da súa Xunta de Compensación celebrada o 30.11.2022, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes, mediante anuncio que se publicará no “Boletín Oficial” da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, e nun dos xornais de maior difusión da provincia-computándose o remate do dito período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, aos efectos de que durante o amentado prazo, poida examinarse o expediente nunha ligazón web creada aos ditos efectos, e no departamento de información do Concello de Vigo, en horario de oficina, previa cita telefónica, ou ben a través da sede electrónica, e formularse as alegacións e suxestións pertinentes.

Segundo.- Notificar dun xeito individualizado a todos os interesados no presente procedemento, segundo a relación incorporada ao proxecto.

Terceiro.- Facer constar que o presente procedemento, efectúase co fin de levar a puro e debido efecto a sentenza firme do TSXG, da que trae causa, e sen que, en ningún caso se derive ningún dereito de contido indemnizatorio atribuíble a esta administración.



Martes, 25 de outubro de 2022

Núm. 204

Terceiro.- Proceder a dar publicidade á parte dispositiva da sentenza firme do TSXG , de conformidade co disposto nos artigos 72, 104 e seguintes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, co fin de levar a puro e debido efecto a mesma.”

Aos efectos do disposto no apartado primeiro da parte dispositiva deste acordo, a documentación íntegra aprobada inicialmente poderá consultarse na seguinte ligazón: https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/ e no departamento de Información de Urbanismo, sito na planta baixa do edificio da Xerencia de Urbanismo (Praza do Rei, s/n – Vigo), para a súa consulta e a presentación de cantos documentos ou escritos de alegacións estimen convenientes.

* Poden poñerse en contacto co departamento de Información de Urbanismo, para solicitar cita previa ou para resolver calquera dúbida ao respecto, no teléfono 986.810.349

* Para presentar documentos ou escritos de alegacións deben solicitar cita previa no Rexistro de Urbanismo no teléfono 986.810.344

BRY/Er

Vigo, na data da sinatura dixital

A VICEPRESIDENTA DA XMU

(Resolución do 11.07.2019)

Asdo. María José Caride Estévez

